

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A ASOCIACIÓN CULTURAL HISPANO-GALLEGA CABALLEROS DE SANTIAGO PARA O MANTEMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO SOCIAL EN SALVADOR DE BAHÍA, BRASIL

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Por una banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, (en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril), en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E pola outra, Francisco Javier Piñeiro Garrido, presidente da Asociación Cultural Hispano-Gallega Caballeros de Santiago de Salvador de Bahía, Brasil, segundo consta na acta de eleccións da entidade do 08 de abril de 2025, actuando no seu nome e representación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura da presente addenda e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

O seu artigo 49 establece que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade; en particular, son competencias desta secretaria xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

Segundo. O 16 de abril de 2025, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asinou un convenio de colaboración coa Asociación Cultural Hispano-Gallega Caballeros de Santiago.

Na cláusula primeira do convenio sinálase que o seu obxecto é establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para o mantemento dunha oficina de información e asesoramento e ademais colaborar na difusión e xestión dos

programas e actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os de carácter socio-asistencial.

Terceiro. A Asociación Cultural Hispano-Gallega Caballeros de Santiago de Salvador de Bahía é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade. Agrupa actualmente a preto de catrocentas persoas galegas ou de orixe galega, representativas da importante comunidade galega residente na dita cidade, un colectivo potencialmente susceptible de ser beneficiario dos programas e actividades levadas a cabo pola Secretaría Xeral da Emigración.

Cuarto. Na cláusula cuarta do convenio establécese unha achega económica por un importe de quince mil euros (15.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Na cláusula terceira, obrigas das partes, a Asociación Cultural Hispano-Gallega Caballeros de Santiago comprométese a prestar os servizos obxecto do convenio nos termos establecidos nel e informar periódicamente á Secretaría Xeral da Emigración dos resultados desta iniciativa.

Debido á situación social, política e económica pola que está a atravesar o país e sobre todo o aumento do custo dos gastos de funcionamento da Oficina derivados desta situación, a Asociación Cultural Hispano-Gallega Caballeros de Santiago de Salvador de Bahía ten graves dificultades co financiamento previsto inicialmente neste ano para o mantemento da oficina de información e asesoramento, polo que, co fin de seguir prestando a atención necesaria ás persoas galegas que residen alí, é preciso incrementar o importe da achega en 5.000 €.

As partes, actuando no exercicio do seu cargo e representación,

ACORDAN

Cláusula primeira. Incrementar en 5.000 € a achega da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración prevista na cláusula cuarta, que queda redactada do seguinte xeito no primeiro parágrafo:

“Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de vinte mil euros (20.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.”

Cláusula segunda. Modificar o prazo de xustificación e o de vixencia recollidos na cláusula oitava parágrafo primeiro, que queda redactada do seguinte xeito:

“A data limite para presentar a documentación xustificativa será o 10 de decembro de 2025.”

e na cláusula décimo sexta, que queda redactada do seguinte xeito no parágrafo primeiro:

“Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen”.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O conselleiro de Emprego, Comercio e
Emigración

José González Vázquez

O presidente da Asociación Cultural
Hispano-Gallega Caballeros de
Santiago

Francisco Javier Piñeiro Garrido

